

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (**ESQUERDA UNIDA-ANOVA**) a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para debate en **Pleno**, relacionada coa cobertura de vacacións do persoal do SERGAS durante os meses de verán así coma do peche de camas nos centros hospitalarios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No verán é xa unha costume que a Consellería de Sanidade leve a cabo peches de camas nos hospitais da rede pública, algo realmente incompreensible cando non se están a tomar medidas para atallar as listas de espera cirúrxicas ou cando existen antecedentes abondo de colapsos nas urxencias por falla de camas dispoñibles. Son moitas tamén as consultas que pechan durante o tempo que os/as profesionais responsables desfrutan das súas vacacións, incluídas en atención primaria, o que se traduce nunha lista de espera non declarada.

No caso dos servizos hospitalarios, tampouco queda claro o criterio seguido para os peches, que semella máis ben aleatorio ou alomenos non dependente de criterio clínico, social e sanitario.

Estes peches, coma AGE xa ten denunciado, teñen coma finalidade a non cobertura dos permisos vacacionais de grande parte do persoal, aforrándose a Xunta de Galicia o custe das substitucións. Polo tanto, inciden no paro que xa sofren de base as e os profesionais sanitarios eventuais e na perda de dereitos laborais de aquelas e aqueles con praza en propiedade, ao seren obrigadas e obrigados en moitos casos a cubrir ausencias de outras persoas.

Esta situación agrávase cada ano, xa que dende a entrada do Partido Popular na xestión do Goberno, vense producindo un incremento anual do número de camas pechadas nos meses de verán. Por outra banda resulta inadmisíbel a negativa por parte do goberno a

facilitar datos relativos a esta situación ás deputadas e deputados da Cámara. O pasado ano AGE xa solicitou sen éxito os datos sobre os permisos cubertos con persoal eventual. O ocultamento de estes datos por parte da Xunta ao Parlamento galego e secundariamente ás galegas e galegos resulta un asunto moi grave incompatible coa defensa da democracia.

Dados estes antecedentes, Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA) realiza a seguinte **Proposición non de lei**:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Informar ao propio Parlamento do número de camas que van ser pechadas en xuño, xullo, agosto e setembro en cada hospital da rede pública; así coma dos diferentes servizos nos que se realiza o peche e os criterios seguidos para a decisión.
- 2.- Informar ao Parlamento do número de profesionais que disfrutan as vacacións en cada categoría nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro para cada EOXI; así coma de cantas de estas van ser cubertas con persoal eventual e os criterios seguidos para a decisión.
- 3.- Non pechar camas nos hospitais galegos nin consultas de AP e AE namentras exista lista de espera ou/e demanda asistencial dos servizos.
- 4.- Cubrir as vacacións do persoal fixo dos servizos con persoal eventual.

Compostela, 16 de xullo de 2015.

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. da AGE

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 16/07/2015 13:44:24

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 16/07/2015 13:44:33